

RM  
UAR-1009

# OS ROGOS DUN GALLEGO

*dedicados ós seus paisanos para abri-lles os ollos sobre  
certas iñorancias, e ò demais que verá  
ò curioso lector.*

Rogo dum escolar à Virxé do bó acerto para que libre  
à terra da Inquisicion.

*Non omnis caro eadem caro, sed alia caro hominum, alia volucrum,  
alia piscium.*

*Paxáros, peixes e homes  
De distinta casta son:  
Aqueles comense ásados,  
Pero os racionales non.*

## ROGOS.

**M**íña Virxé, vos que sodes  
madre de consolacion,  
librádenos dos nubeiros  
da maldita Inquisicion.

Da Inquisicion, que de medo  
de espías e de visióis  
encheu à terra, e de luito  
cubreu à casa de Dios.

Librádenos, Virxé santa;  
poisque sempre ò pecadore  
achou na vosa bondade  
madre, amparo e proteccion.

Dádelles pois bon acerto  
à ós homes bós, que xúntou  
à España para formar  
à sua lexislacion.

Cristo morreu por salvarnos,  
è mente como un ladrón,  
ò tramoyeiro que diga  
que ò voso fillo à fundou.

Dios fixó para ós ruís  
ò inferno, e ò céo criou  
para ós bós; esto è verdade,  
ò demais è unha invencion.

O mundo en arrendamento  
póla vida. Dios nos dou  
para gañar cóas obras  
à gloria ou à perdicion.

Os pecados desta vida  
seran na outra de Dios  
castigados; pois Dios solo  
ten esta xurisdicion.

Para absolvernos de culpas  
Cristo à san Pedro lla dou,  
non para poñer no espeto  
os homes, como capós.

Os demos son os ministros  
que ò noso Dios destinou  
para cuentar as caldeiras  
nas cabernas de Prutón,

RAE

Vayan pois à cocfiar  
à ò inferno aqueles que son  
tostadores , que alí poden  
ter praza de marmitós.

Cristo na cruz... miña xôya!  
brinda è chama ò pecador  
cós brazos abertos mentras  
ò persigue à Inquisicion.

Non è ò home burél gordo,  
que con tundilo è millor ;  
à ós homes múdaos ò tempo,  
è convéncéos à razon.

E à ley de Xêsucristo  
ley de carida è amore ;  
debemos aconsellarnos ,  
mais non facernos traicion.

Vivamos ben , è teñamos  
do próximo compasion ,  
que Dios è aquel que ilumina ,  
è que move ós corazóns.

A xênte vive na ley  
que eredou de seus abós :  
ò mouro à sua , è ò gallego  
xûsga que à sua è millor.

Demos pois , xá que nacemos  
no séo da relixion  
verdadeira , muitas gracias  
à Cristo noso Señor.

O irexé tan solo ofende  
à Dios , à nosoutros non ,  
¿ por que logo lle quitamos  
à Dios à xûrisdicion ?

¡ Chamuscar à ós homes vivos  
en este mundo ! ¡ meu Dios !  
¡ ay que xûdiada ! non pode  
inventarse outra peor.

Se os xûdios nos queimaran ,  
ainda pase , porque Dios  
mándanos que perdonemos  
à ós que nos fagan traicion.

¿ Pero que nos os queimemos ,  
è eles à nosoutros non ?  
ainda somos mais xûdios  
que os mismos xûdios son.

O voso fillo bendito  
no que fixó è predicou ,  
enseñounos ò camíño  
da paz è da salvacion.

Quer que todos nos amemos,  
è imitemos ò candor  
dos paxâriños : non quer  
ruindades nin opresios.

A os xilgariños garridos  
as aves de outro color  
non lles fan mal : as rapíñas  
símbolo do deño son.

Alá solo entre indios bravos,  
xênte , que ò sol da razon  
non alumou todavía  
queimanse por devocion.

Mais , segun rezan os libros ,  
ós seus sacerdotes son  
unhs notorios tramoyeiros ,  
è ladrós de profesion.

A igrlesia de Xêsucristo  
è à casa da salvacion ,  
non è tempro de xêntis ,  
nin è cova de ladrós.

Purificádea , Señora ,  
tocando no corazon  
dos españoles , que cuidan  
da ley è da religion.

Volo rogo muy de veras ,  
è feita à miña oracion ,  
à ò chamado santo Oficio  
quitarlle à máscara vou.

### *O santo Oficio sin carantoña.*

O demo para tentar  
no deserto à ò Salvador ,  
puxóse à máscara , è quixó  
ingafiar à ò mesmo Dios :

Pois asi baixó pretexto  
de piedade è religion  
ò oficio dos tostadores  
santo Oficio se chamou.

A máscara è pois ò santo ;  
ò officio è facer carbon  
dos homes , que son imaxê  
do grande Dios que os criou.

Chamouse santo , decindo  
que era santo , è que era bó  
purgar à igreja có fogo  
da pravedade è do error.

Mais como Dios reservase  
facer à separacion  
no outro mundo , è non en este ,  
toda à cristiandá tembrou.

Pero como van as leyes  
à donde quer ò señor  
rey que nos manda , tuvemos  
que aguantar è Inquisicion.

Oxi que à sorte trocouse ,  
è da leyes à nacion ,  
podemoslle ver à cara  
à ò tribunal dó terror.

Veremos à pravedade ,  
as fantasmas , as visióis  
que aquêl bribon de Luceiro  
fixó sobre ascuas carbon.

Máscara fora : vexámos  
ós feitos é as invencióis  
do chamado santo Officio  
pó los nosos bisabós.

Meigas , feitizos è bruxás  
que persigue à Inquisicion ,  
sin máscara , socaliñas  
de cregos è frades son.

Chamanlles bruxás à as vellas  
por ter cara de carton ,  
pero solamente hay meigas  
en donde hay Inquisicion.

As fémias dá nosa especie  
de certa constitucion  
fan visaxês è son tolas ,  
pero feitizeiras non.

E se as ay , que diga Inguanzó ,  
Cañedo è ò outro Burrol ,  
donde hay unha , à fin que embruxé  
à ò perverso Napoleon.

O feitizo està nos ollos  
dunha nena de Padron :  
as nenas tamen feitizan  
à os cregos da Inquisicion.

Garridifias , non cheguedes  
à os que manexân tizós ,  
que à estopa cabe do fogo ,  
è vos unha tentacion.

As feas non teñian medo ,  
poisque sendo feas son  
parentas do santo Officio  
traido en comparacion.

Cóa máscara , xia se ve ,  
parece un santo varon ;  
pero sin ela parece  
ò mismo demo mayor.

E inda contan que unha vez  
que à un espello se mirou  
ò demo , dixô : E mais fea  
do que eu son , à Inquisicion.

Ela mora nunha casa  
en donde contra razon  
è xústicia à ós homes privan  
da vida è do mismo Dios.

Ali faise un tribunal  
à donde un Xâdas traidor  
vai vender à seus irmás  
con capa de relixion.

Tres corvós , ou nigromantes  
coas caras de Nerós  
son os xñeces que compoñen  
ò tribunal do terror.

Cuberta de pano mouro  
está toda à ò rededor  
à gran sala de xústicia ,  
que véla , causa pavor.

Unhas candéas marelas  
có seu palido fulgor  
fan ver do color da cera  
ás caras dos tres dragós :

Un santo Cristo bendito  
metido entre eles ; meu Dios!  
está como no calvario ,  
metidifio entre ladrós.

Sobre un tapiz dunha mesa  
mais louro do que è ò carbon  
hay procesos, è un tinteiro  
feito de corno de boy.

As prumas son as mais negras,  
que ò fero buitre criou,  
poisque non moran os cisnes  
donde fai tanto calor.

A donde xiren os ollos,  
non achan mais que terror,  
pois solo para aterrar  
á inventou à maldicion.

Ali nunca ò sol aluma,  
porque donde está à razon  
desterrada, ò sol non entra  
nin á craridad de Dios.

Con éla moran ós defios,  
suposto na Inquisicion  
mora à pravedade as meigas  
è tamen ò inquisidor.

Nos seus libros de rexistro  
está escrita à perdicion  
è à infamia do que ali fore  
acusado dun traidor.

O marido istá na cama  
coa muller que Dios lle dou,  
è ò solteiro no seu leito  
calléo dunha traicion.

E aló pola media noite  
despois que ò galo cantou,  
un gran vando de vixátos  
rodealle à habitacion.

Tocan à porta, è decindo,  
¡ò santo Oficio! ò tembror  
entra na xênte, que deixá  
franca à entrada è à posesion.

Cuando ven Dios, ven coa paz;  
coa falsedade è traicion  
ò santo Oficio: ¿è dirémos  
que è santo è cousa de Dios?

Amin S. Pedro me leve,  
que nunca con mais valor  
frances matara que à un  
esbirro da Inquisicion.

Pois nin frances, nin xúdio,  
nin ò mesmo Napoleon,  
è capaz de dar ò susto  
que causa un inquisidor.

Entra ò alguacil larpeiro  
coa máscara de santón;  
è à ò pobre que está no leito  
fano suár coa calore.

Trae à venera por diante,  
máscara de devocion:  
móstralla, è ò pobre inocente  
pensa que è cousa de Dios.

Botalle logo à gadoupa  
como fai coa pomba ò azór  
perde à fala ò cuitadiño  
è levano à Inquisicion.

Padre, irmao, muller nin fillo  
desde que ò corvo ò levou,  
non volven à saber de él  
nin si istá ruin ou istá bó.

Védelo que xá ò presentan  
en aquel sitio de horror  
donde lle tembran as carnes  
có medo do asador.

Logo os xúeces sin nomealle  
ò picaro que ò acusou,  
nin descubrille os testigos  
que ganar pudo un traidor;

Collen na man un proceso,  
è trabucaudo à expresion,  
fanlle cargos è preguntas  
sobre ò que fixó è falou.

O home volvese tolo;  
perdese à imaginacion;  
è tense por gran milagro  
descubrir ò acusador.

Con esta máscara infame  
piden à decraracion,  
como se ouvera xústicia  
donde hay ingaño è traicion.

Se nega, mais que à verdade  
diga, sobre dun ponton  
átano, è danlle tormentos,  
que decirlos causa horror.

Torcenlle ós brazos , ás pernas ,  
è ós dedos , è inda despois  
metenlle entre uñas è carne  
de cana aguda punzós.

Se è muller, queimanlle os peitos,  
è non contentos , despois  
apricanlle un ferro ardendo  
nas partes que Dios lle dou.

(Non xíizguedes que sea esta  
faladuría è invencion ,  
poisque ò escribe Pifateli  
nas suas institucíós.)

Hasta tres veces lles daban  
tormentos se confesion  
no facian do delito  
que pudo ser ben traicion.

Se negan , morren : se falan  
non alcanzan ò perdon  
como ós das mangas azules  
digan : Pertinaces son.

¿Eo tribunal que esto fai  
non se chamará millor  
ò tribunal de Pilatos,  
que non santa Inquisicion?

Ali faise neste mundo  
baixò dó nome de Dios ,  
ò que fai Luzbel no inferno  
dónde non hay redencion.

Pero ainda non dixên todo ,  
falta decir ò millor ,  
que è que un santo obispo sea  
da tortura expectador.

Un obispo que , aunque queira ,  
non lle dan xúrisdicion  
para librar do tormento  
à ò que ista posto en cuestion.

Da sentencia que éles deren  
non se admite apelacion ,  
que à ninguen istá suxêto  
ò deño do inquisidor.

Máscara fora : nubeiros ,  
estas è outras muitas son  
ás virtudes dos siñores  
ministros da Inquisicion.

As carnes tembran de oír  
ò que en tres sigros de error  
fixêron na nosa España ,  
ós da secta do tizon.

Santos obispos è homes  
de virtú è de opinion  
foron presos è estiveron  
expostos à ser carbon.

Digaó ò señor Talavera ,  
Avila è ò bon Palafox ,  
Carranza , è outros prelados  
dignos de veneracion.

O que de frades è cregos  
calquera cousa falou ,  
fui cal porco chamuscado  
no fogo da Inquisicion.

O que dó rey è dos seus  
privados , como Godoy ,  
falou calquera verdade ,  
na Inquisicion ás pagou.

Os homes que habilidade  
tiñan porque Dios lla dou ,  
por meigos óu por irexês  
à Inquisicion ós queimou.

As vellas... ; miñas cuitadas!  
se dixò alguen que ás topou  
con un cacho vello ò lume ,  
facian de elas carbon.

Finxên que falan có demo ,  
que en figura de cabron  
ven à velas ; è que van  
de romaxé en procesion.

Suben por la gramalleira ,  
è vóan , dándose à uncion  
de certa badulacada  
que tenebreiro fragou.

Contan que en Sevilla hay xúnta  
por san Xúan , è outras visiós ,  
embelecos è mentiras  
que à Inquisicion inventou.

Os feitizos è unha viña  
para os cregos ; è asi son  
tantas ás enfeitizadas  
que un deño alá non quedou.

As nenas que non se casan  
cando lles chega à sazón,  
arden coas ganas, e teñen  
un certo retortixón.

Logo dicen que è feitizo;  
è que unha bruxá lles dóu,  
ò defío, que è solo espritu,  
en leite, torta òu rixòs.

Ponlles à man póla igresia,  
ò crego, mais anque è bò,  
non ten efecto à mencifia  
cando ò remedio è ò varon.

En tanto cós seus conxáros,  
de ovos, carneiros, lacós,  
enchen ós cregos à casa,  
de meigas à Inquisicion.

Tamen dicen que hay mal de ollo  
è que ò remedio millor  
è un corno, farto cornudo,  
è ò que sofre à Inquisicion.

Estas cós seus feitos ten  
na mais cativa opresion  
ós reynos, vilas e terras  
de toda à nosa nacion.

Deixóu à España sin xênte,  
poisque de trinta millós  
que tiña, quedaron dez,  
è logo quedarían dóus.

Por temor dela non viñan  
á nosa terra os que son  
nas outras sabios artistas,  
è fan cousas de primor.

Foi no tempo de Sabéla  
que un tortillero à fundóu  
para nosa escravitude,  
perda è mingua da nación,

A reina no na quería,  
nin ò seu bon confesor;  
pero ò rey, à mais ò frade  
nas Castillas à fundou.

Mais que nunca acà viñera  
à siñor rey de Aragon,  
que à nosa reyna Sabéla,  
tiña mellor intencion.

Habia de vir agora,  
ò frade con sua invencion  
da heretica pravedade,  
dó secreto è dos tizós;

Que ás vellas co ò soscadiuro  
è os homes cos azadós  
xá lle darian ò pago  
de fundar à Inquisicion.

A igresia de Dios à todos  
co ò bautismo è à confesion  
abre ò céo, ò santo Oficio  
conduceos à perdicion.

Máscara fora: non è  
santo, nin xústo, nin bon,  
è unha invencion dos reinantes  
para oprimir à nacion.

Os frades è muitos cregos  
predican à seu favor;  
pero por muito que digan  
non creemos que è de Dios.

Nin pensen que ingañarán  
as xêntes na confesion,  
chamándoa articro de fé,  
è irexés à os homes bós.

Sabemos os mandamentos,  
è sabemos ben que Dios  
quer que se arrepinta è viva  
ò que è fraxil pecador.

E de fé, que Xêsucristo  
por salvar os homes dou  
à vida, è que nada fixó  
para nosa perdicion.

E de fé, que si chegamos  
contritos à confesion  
Dios nos perdona os pecados  
por medio da absolucion.

E de fé, que ha de xúzgarnos,  
è que à ós bós en galardón  
à de dar ò céo, è à os outros  
eterna condenacion.

E de fé, que Dios non quer  
si non os bos corázós,  
boás obras, mais non quer  
hipocritas, nin ficciós.

Pero que Dios neste mundo  
fundase unha Inquistcion  
para queimar homes vivos,  
non è de fé, è un errore.

E ò crego è ò frade que ò diga,  
è mais irrexê que foi  
Arrio, Socino, Lutero  
è Felipe Melanton.

As leis inxústas è feras,  
que à tiranía inventou,  
no nas queremos, nin menos  
queremos à Inquisicion.

O que non fore cristiano,  
como non more entre nos,  
que more donde quixere;  
mais matar, que ò mate Dios.

Prediquen os nosos cregos  
un Dios de bondade è amore,  
è déanos bon exêmpo,  
que è ò millor predicador.

Os frades sigan à regla  
dó seu Santo fundador,  
è deixén à quen governa  
ós estados è as naciós.

Na igresia de Xêsucristo  
debe haber sempre bóa union,  
è ò que sembrare á discordia  
è fillo da maldicion.

Sean pois ò sacerdotes  
exêmpo de sumision  
à ás leyes, que en noso ben  
dá ò Congreso da nacion.

Se así ò fan, irá ben todo,  
pero de outro modo non;  
pois non queremos que os cregos  
traten mais que ò que è de Dios.

Se non lles ouvéran dado  
riquezas, xúrisdicion,  
éles serian millores,  
è mais feliz à nacion.

Este poblo orfo è valente  
à libertade ganou;  
non pode haber libertade  
en donde hay Inquisicion.

Tampouco pode decirse  
que se observa à ley de Dios  
donde non se fai xústicia  
con craridade è razon.

Pagueás aquel que ás fixêre;  
mais sea coa condicion,  
que non morra un inocente  
à forza dunha traicion.

Non son verdugos dos homes  
ós sacerdotes de Dios;  
nin menos son nosos reyes  
para mandar sobre nos.

Son pastores das ovellas,  
que Cristo lles entregou,  
cuiden délas como deben,  
è deixêense de cuestiós.

Máscara fora; è vivamos  
ná creencia è relixion,  
en que por mais de mil anos  
vivieron nosos abós.

Eles foron bós cristianos  
non habendo Inquisicion,  
tamen sin éla podemos  
ser cristianos è ser bós.

Mudouse ò tempo, è fundouse  
aquéla, è ò que ganou  
à cristiandade fui solo  
perder ò antigo esplendor.

Ea pois fora, nubéiros,  
dá igresia dó Redentor  
que non se queiman os homes  
como carne de castrón.

Idevos è non fágades  
que à nosa moderacion,  
dós males que tedes feitos  
vos pida satisfaccion.

Por vós à España perdida  
sin xênte forza è vigor  
foi presa dós seus tiranos  
è befa de outras naciós.

Por vos deixáron à terra  
homes sabidos, que Dios  
nós dóu, è pudéran solos  
facér feliz à nacion.

Por mais de trecentos anos  
con capa de devocion  
perseguides ás ciencias  
à libertade è à razon.

Postos de acordo cos reyes,  
non fôl, non à rilixion  
ò boso obxêto; fôl solo  
ò despotismo è à opresion.

Por vos nunha cruda guerra  
cô perfido Napoleon,  
metidos, hemos chegado  
à os bordes da perdicion.

Vosoutros, cando Madrid  
nó mayo se levantou,  
dixêchedes sêr rebelde  
nunha vosa exórtacion.

¿E queriades ainda  
ingañar mais à nacion?  
máscara fora, embusteiros,  
à ò monte à facer carbon.

Nomeade; nomeade cregos  
por diputados, que nós  
vos farémos conocer  
cál è à vós obrigacion.

Vosoutros mesmos trazádes,  
querendo xúrsidicion  
sobre ò poblo, que vos fagan  
vivir con conta è razon.

Pódedes estar seguros  
que no hay no poblo español  
un home solo que queira  
ter os cregos por mandós.

Na igresia vós escuitamos,  
mais fora da igresia non,  
pois as causas deste mundo  
non son feitas para vós.

Pois que sin máscara estades  
è vos conoze à nacion,  
podedes mudar oficio,  
óu írvos lexés de nós;

Porque si vós porfiades,  
tostadores, asadon  
casa potros è rexistros  
è canto nela encerrou

à perfidia será logo  
do fogo con que queimou  
os homes, cinza; pois xá  
ò voso imperio acabou.

## MADRID

EN LA IMPRENTA DE LA COMPAÑIA

POR SU REGENTE JUAN JOSEF SIGUENZA Y VERA.

JULIO 10 DE 1813.